

TAXA INFORMES PRELIMINARES DE SITUACIÓN E INFORMES DE SITUACIÓN EN MATERIA DE SOLOS CONTAMINADOS

A Lei 9/2017, de 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas que modifica o anexo 3 da Lei 6/2003, de 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, creou a seguinte taxa:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN TAXA
32.81.00	Informes preliminares de situación e informes de situación en materia de solos contaminados

Esta taxa, que grava a tramitación dos informes preliminares de situación e os informes de situación do solo, é aplicable desde o día da entrada en vigor da *Lei 8/2017, de 26 de decembro, de orzamentos xenerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018*, é dicir, a partir do 1 de xaneiro de 2018.

Como consecuencia da actualización das tarifas contidas nos anexos 1, 2, 3, 4 e 5 da citada Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, pola Lei de medidas fiscais e administrativas da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023 o importe da taxa é:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN TAXA	IMPORTE
32.81.00	Informes preliminares de situación e informes de situación en materia de solos contaminados	55,25

Para o pagamento das taxas administrativas utilizarase o modelo de autoliquidación (tres exemplares autocopiativos). Os códigos necesarios para cumprimentar o impreso de pago da mencionada taxa son:

CONSELLERÍA DE	Medio Ambiente, Territorio e Vivenda	Código	15
DELEGACIÓN DE	Servizos Centrais	Código	13
SERVIZO	Fomento e Control da Calidade Ambiental	Código	07

O modelo de autoliquidación de taxas pode solicitalo en calquera unidade administrativa da Xunta de Galicia, ou ben descargalo da páxina web <http://www.atriga.gal/es/tributos-da-comunidade-autonoma/tasas-e-prezos/confeccion-on-line-impresos>

Pode facer o pago da taxa en calquera das entidades financeiras colaboradoras da Xunta de Galicia, a través dos servizos telemáticos da oficina virtual do Atriga na seguinte ligazón: <https://ovt.atriga.gal> >> Empresas e Profesionais >> Pago de Taxas e Prezos >> Iniciar pago de taxas, ou ben accedendo a través da plataforma telemática de solos <http://solos.medioambiente.xunta.es>

Para a tramitación dos citados informes será necesario a presentación do xustificante do pagamento que deberá presentarse acompañando aos xustificantes de presentación do Informe Preliminar de Situación do solo (IPS) ou Informe de Situación do solo (IS).

Non se considerará cumprida a obriga de información en relación cos solos potencialmente contaminados, se calquera dos informes de situación do solo que se presente, non veñen acompañados co xustificante do citado pagamento.